




Secretaría xeral

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSO HUMANOS

Expediente 2024000033549

Asunto: Modificación da proposta de reorganización das unidades dependentes da Secretaría xeral

O pasado 20 de setembro remitiuse, coa conformidade do deputado delegado, unha proposta de modificación das unidades baixo a dependencia da Secretaría Xeral no Organigrama de 2024, no que figuraban, coma no 2025, as seguintes unidades xestoras:



Nesa proposta incluíuse a seguinte reorganización das unidades dependentes da Secretaría xeral:

1. A dependencia do Servizo de Patrimonio e Contratación establécese directamente da Secretaría xeral.
2. A dependencia do Parque móbil e a Imprenta mantense directamente da Oficialía maior.
3. A transformación da xefatura de sección de Información e Actas na xefatura de



Secretaría xeral

servizo de Secretaría xeral (AX/AE) baixo a dependencia xerárquica da Secretaría xeral e da Oficialía maior que concentre as funcións propias da habilitación nacional. O servizo de Secretaría Xeral constitúese como unha estrutura que garante os mecanismos de equilibrio necesarios entre as súas unidades e a actividade que conleva a xestión dos rexistros, arquivos, os procedementos electrónicos requiridos conforme a normativa vixente, o acceso á información e a garantía da transparencia. Dependerá, xerárquicamente, o seguinte:

- A sección de Arquivo,*
- A sección de Transparencia e Protección de datos (xefatura de nova creación),*
- A xefatura de departamento de Comunicación virtual e relación coa Imprenta, e*
- A xefatura de negociado da Actividade corporativa e rexistro (nova denominación da actual xefatura de negociado I).*
- Un posto de Técnico de Administración xeral A1 dependente directamente da xefatura de servizo de Secretaría xeral. Este posto de Técnico correspóndese coa transformación de Técnico Superior da Unión Europea A1 (1.1.46.3) en Técnico de Administración xeral A1.*
- Un posto de Técnico de xestión de Administración xeral A2, catro postos de Administrativo/a de Administración xeral C1, dous postos de Auxiliar de Administración xeral C2 baixo a dependencia directa da xefatura de servizo, quen distribuirá o persoal de Administración xeral entre as seccións e negociado baixo a súa dependencia en función das cargas de traballo, tendo en conta a estreita relación entre algunha das súas funcións, como son a actividade dos órganos de goberno e a transparencia e acceso á información pública.*

4.A creación dunha nova xefatura de sección de Transparencia e Protección de datos baixo a dependencia da xefatura de servizo de Secretaría xeral na que se concentren as funcións de oficina de protección de datos e apoio ao DPD, incluíndo as funcións de unidade especializada en acceso á información pública e de unidade responsable da coordinación do dereito a reutilización da información, tendo para as súas funcións relativas á protección de datos dependencia funcional, exclusivamente, da Oficialía maior. Esta xefatura de sección terá baixo a súa dependencia:

- Un posto de Técnico/a de Administración xeral A1*
- Sete (7) subalternos correspondentes a Servizos internos así como a súa coordinación co persoal de almacén dependente de Patrimonio e Contratación.*

5. A revisión do complemento específico correspondente a xefatura de negociado de Actividade corporativa e rexistro no seguinte senso: Disponibilidade total (Grao 4) e a incompatibilidade total (Grao 3). As modificacións sinaladas implican o incremento dun grao en ambos casos xa que a nova xefatura estará vinculada non só a actividade do rexistro, tal e como ocorre na actualidade, senón tamén a actividade corporativa que debe desenvolverse conforme a normativa e a urxencia requirida.

6. A dependencia directa de catro subalternos na Tesourería e xestión de tributos



Secretaría xeral

en tanto que prestan servizos no Edificio Administrativo sito na rúa Archer Milton Huntington (hoxe, Concepción Arenal) e á Oficina do contribuínte ubicada no edificio que acolle o IES Rosalía Mera.

7. A integración, co seu correspondente orzamento e persoal funcionario de carreira, da sección de Normalización Lingüística así como do centro Europe Direct A Coruña (Convenio 2021-2025) noutras unidades/servizos da Corporación por considerarse, en ambos casos, funcións alleas á actividade propia da habilitación nacional e do réxime interno no marco da nova estrutura da Secretaría xeral.

Engadiuse tamén un recordatorio e reitérase a proposta doutros expedientes abertos relativos a:

Imprenta (Exp.: 2024000031457)

[...]

Polo anterior reitérase a proposta presentada e solicítase:

1. que se recupere a distinción entre o persoal adscrito aos departamentos de Preimpresión e Impresión pola especialización que conleva o desempeño das tarefas asignadas a cadanseu departamento, e se seleccione o persoal con arranxo ao temario especializado nas distintas funcións que desenvolven.

2. que se recupere o posto de traballo de Encargado/a de Imprenta coas funcións que figuran no CATÁLOGO DE FUNCIONES DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA aprobado en sesión plenaria de vinte e oito de setembro de 2018 e as retribucións que correspondan con arranxo ao ANEXO I Matriz valoración de postos de traballo, do dito acordo plenario.

Parque Móvil(Exp.: 2024000031456)

Reitérase a proposta feita no seu día para que se inclúa a dedicación exclusiva, dispoñibilidade total, para o Xefe de Negociado do Parque Móvil debido á necesaria dispoñibilidade fóra da xornada habitual, que de feito xa está a levar a cabo debido a demanda por parte dos usuarios, sen que esta dilixencia por parte do titular do posto teña correlato nas súas retribucións.

O Xefe do Parque ven desenvolvendo entre outras funcións o control e solución de incidencias sufridas por vehículos, conductores e usuarios, e estas incidencias prodúcense en moitas ocasións, como se acredita na petición do Oficial Maior,



Secretaría xeral

fóra do horario administrativo xeral. Cómpre ter en conta que unha gran parte do persoal que ten atribuídas na RPT as funcións de condución diaria ou habitual, conductores, persoal técnico de Vías e Obras, e persoal das Oficinas de Recaudación, teñen asociada a especial dedicación o que leva aparelado un horario que non se axusta ao horario administrativo xeral, así como os usuarios mais habituais, membros da Corporación e persoal de Prensa, Relacións Públicas e Protocolo.

Sendo esta a proposta do mes de setembro, esta proposta tiña como finalidade levar a cabo ese cambio de estrutura e posta en marcha da mesma polas dúas persoas que fan a proposta, a Secretaría xeral e o Oficial maior titulares dos postos nesa data mais, a demora na súa aprobación conlevan que neste momento, a Secretaría xeral propoñente cesou no servizo activo o pasado 13 de marzo, desenvolvendo quen asina o cargo en comisión de servizos desde o pasado 2 de abril e sen substitución aínda na Oficialía maior.

Esa aposta común reflicte a asunción de funcións que mesmo van máis alá das esixidas na RPT aos postos de habilitado nacional da Secretaría e polo tanto das unidades baixo a súa dependencia, como toda a Sección proposta de Transparencia e Protección de datos.

Enténdese polo tanto desde esta Secretaría accidental que cómpre limitar esta proposta a cuestións máis estruturais sen acometer cambios profundos, que deberán acometerse cando a estabilidade deses postos capitais de habilitados nacionais estean provistos sequera parcialmente con certa vocación de permanencia que permita un proxecto a máis longo prazo.

Ao tempo, o pasado 5 de febreiro o Presidente acordou o cese permanente de actividade de Europe Direct polo que dous dos postos de traballo de funcionarios de carreira xa foron adscritos a outras unidades xestoras e outros dous interinos teñen cesado por finalización do obxecto.

Finalmente, desde o Servizo de Informática e Administración electrónica conxuntamente con esta Secretaría xeral, aínda en funcións de Delegado de protección de datos, teñen acordado seguindo as recomendacións da Axencia española de protección de datos, que debe existir unha división real das funcións do DPD e da xestión interna da protección de datos (propostas de actuación, tramitación de exercicio de dereitos, xestión do Rexistro de actividades de tratamento, etc...) que garantan a independencia daquel de cara a facer recomendacións, avaliar incidentes/brechas, e demais funcións legais



Secretaría xeral

encomendadas a este, polo que parte das funcións a asumir por esa nova Sección que se propuña quedarían baleiras.

En consecuencia, non estando xustificada a Sección, tampouco o estaría a transformación en Servizo da actual xefatura de Sección, cando menos polo momento, ata que se teña decidido se a Secretaría asume funcións en materia de transparencia ou de acceso á información pública cun carácter centralizador ou calesquera outras que requiran dunha coordinación intermedia superior.

Polo exposto propónse:

1.- A dependencia do Servizo de Patrimonio e Contratación establécese directamente da Secretaría xeral.

2.- A dependencia do Parque móbil e a Imprenta mantense directamente da Oficialía maior. Tamén estarán baixo a dependencia directa da Oficialía maior 7 subalternos dos Servizos internos.

A Oficialía maior é superior xerárquico da sección do Arquivo e da Sección de Información e Actas, sen prexuízo das funcións de superior dirección que lle corresponden á Secretaría xeral.

3.- Manter baixo a dependencia directa da Secretaría e da Oficialía maior os postos de Técnica de Administración xeral (para que poda dar apoio a calquera das seccións, departamentos ou negociados da Secretaría xeral se fóra preciso) e de xefatura de departamento de comunicación virtual e relacións coa Imprenta, así como ás secretarías de Secretaría xeral e de Oficialía maior.

A Técnica de Administración xeral levará a cabo labores de apoio ao Delegado de Protección de datos (Oficial maior), labores nas que terá dependencia funcional exclusivamente da Oficialía maior.

4.- Descartar a creación dunha nova Sección de Transparencia, Acceso á información e Protección de datos, porque non se considera axeitada asumir neste momento a creación dunha unidade especializada en acceso á información pública e de unidade responsable da coordinación do exercicio do dereito a reutilización da información, así como porque considérase axeitado proceder a dividir as labores de protección de datos que corresponden á organización coas que corresponden á Oficialía maior como Delegado de Protección de datos.

5.- Descartar a creación dunha Xefatura de Servizo de Secretaría xeral, xa que ao prescindir da nova Sección non se precisa coordinar as funcións de oficina de protección de datos e apoio ao DPD, coas funcións que se propoñía asumir pero que se descarta neste momento.



Secretaría xeral

6.- Cambiar a denominación da xefatura de Sección de Información e Actas por Xefatura de Sección de Información e Actividade Corporativa, pois esta sección engloba, mais alá das actas, toda a actividade corporativa tanto de órganos colexiados como dos unipersoais.

7.- Cambiar a denominación da xefatura de negociado I da sección de Información e Actividade Corporativa (agora Información e Actas) por xefatura de negociado de “Rexistro e Actividade corporativa”, coa revisión do complemento específico correspondente á mesma no seguinte senso: Disponibilidade total (Grao 4) e a incompatibilidade total (Grao 3). As modificacións sinaladas implican o incremento dun grao en ambos casos xa que a nova xefatura estará vinculada non só a actividade do rexistro, tal e como ocorre na actualidade, senón tamén a actividade corporativa que debe desenvolverse conforme a normativa e a urxencia requirida.

8.- Crear un posto de traballo de Técnico/a de administración xeral ou especial no Servizo de Informática e Administración electrónica para unha axeitada división das labores de protección de datos que corresponden á organización coas que corresponden á Oficialía maior como DPD. Ao descartar a creación da Sección especializada na Secretaría xeral, o lugar idóneo do organigrama para acoller esa estrutura diferenciada do DPD é o Servizo de Informática porque conta coa Oficina de Seguridade da Información e Protección de datos que é unha consultora na materia e que pola relación estreita coa seguridade da información, opinión que comparte esa xefatura de Servizo.

Aínda así, manterase a colaboración estreita a través da Oficina que tamén da apoio ao DPD e do Comité de Seguridade do que forma parte o DPD e do que se prevé que forme parte tamén a Secretaría xeral.

9.- Tanto porque son funcións alleas á actividade propia da habilitación nacional e do réxime interno, como para evitar os conflitos de intereses na emisión de informes como DPD que requiran as unidades xestoras baixo a dependencia da Secretaría xeral, propónse que deixe de ter dependencia da Secretaría xeral a Sección de Normalización lingüística (Europe Direct xa non existe).

Na medida en que as disponibilidades de espazo o permitan, se esta Sección se concentra físicamente coa súa área de destino, sería idóneo que o persoal de Actividade corporativa coa súa xefa de sección puideran concentrarse no palacio provincial a carón do Secretario xeral e da Oficialía maior, para gañar eficiencia na xestión dos órganos de goberno, ao estar na mesma pranta os grupos políticos.

10.- Que catro (4) subalternos que prestan servizos en Tesourería e xestión de tributos, concretamente, no Edificio Administrativo (Archer Milton



Secretaría xeral

Huntington, hoxe Concepción Arenal) e na Oficina do contribuínte pasen a depender directamente tanto orgánica como funcionalmente da Tesourería o Vicetesourería. Estes postos son os seguintes:

- Subalterno 1.1.11.26
- Subalterno 1.1.11.8
- Subalterno 1.1.11.25
- Subalterno 1.1.11.7


11.- Que se recupere a distinción entre o persoal adscrito aos departamentos de Preimpresión e Impresión pola especialización que conleva o desempeño das tarefas asignadas a cadanseu departamento, e se seleccione o persoal con arranxo ao temario especializado nas distintas funcións que desenvolven.

12.- Que se recupere o posto de traballo de Encargado/a de Imprenta coas funcións que figuran no CATÁLOGO DE FUNCIONES DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA aprobado en sesión plenaria de vinte e oito de setembro de 2018 e as retribucións que correspondan con arranxo ao ANEXO I Matriz valoración de postos de traballo, do dito acordo plenario.

13.- Reitérase a proposta feita no seu día para que se inclúa a dedicación exclusiva, dispoñibilidade total, para o Xefe de Negociado do Parque Móvil debido á necesaria dispoñibilidade fóra da xornada habitual, que de feito xa está a levar a cabo debido a demanda por parte dos usuarios, sen que esta dilixencia por parte do titular do posto teña correlato nas súas retribucións.



Secretaría xeral



Documento asinado electronicamente na Coruña.

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez